

## 14 de setembro, data recomendada para o inicio oficial da vendima na D.O. Ribeira Sacra

O pleno do Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra reuniuse a última hora deste 31 de agosto para decidir a data recomendada para o inicio xeneralizado da vendima na Denominación de Orixe.

Para iso téñense en conta os datos dos **controis de maduración**, que técnicas do Consello Regulador realizaron en parcelas representativas das cinco subzonas da D.O. (Amandi, Chantada, Ribeiras do Sil, Ribeiras do Miño e Quiroga-Bibeí) e con todas as variedades de uva acollidas á mesma.

Veedores contratados especialmente para a vendima polo Consello Regulador realizan controis de produción en todos os viñedos acollidos á Denominación de Orixe, para corroborar que a produción real corresponda coa que cada viticultor ten asignada na súa carta de produción. A maiores persoal do SEAGA contratado a través do AGACAL realiza controis tanto en adegas como en viñedos. Así mesmo o Consello Regulador coordina cos corpos e forzas de seguridade do Estado a prevención de entrada de uva foránea para garantir a procedencia das uvas que entran nas adegas acollidas á Denominación de Orixe.

O pleno decidiu como data oficial para esta campaña, o **14 de setembro**, prolongándose previsiblemente a recollida da uva ata outubro. O pasado ano a data oficial foi o 15 de setembro e finalizaba a vendima despois de 47 días de recollida nos que se alcanzaron os **6.092.707 quilos**.

Desde o pasado día **22 de agosto algunhas adegas realizan traballos puntuais de vendima**, a día de onte hai 16 adegas realizado traballos de vendima, tendo colleitos ata o momento máis de 221.000 quilos de uva, principalmente Godello con 103.850 quilos. Séguenlle:

- Mencía, 66.826 quilos
- Albariño, 23.875 quilos
- Treixadura, 14.153 quilos
- Merenzao, 8.477 quilos
- Brancellao, 2.350 quilos
- Blanco Lexítimo, 744 quilos



RIBEIRA SACRA  
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 1 de setembro 2023

- Garnacha, 719 quilos
- Caíno, 100 quilos
- Tempranillo, 50 quilos

Durante os próximos días, viticultores e adegueiros, estarán pendentes da climatoloxía para decidir como planean a súa vendima.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra  
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España  
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265  
Comunicación: Marta 698 167 991  
Email: [comunicacion@ribeirosacra.org](mailto:comunicacion@ribeirosacra.org)